

RESOLUCIÓN POLA QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE POSTOS TEMPORAIS DE PERSOAL TÉCNICO DE PROSPECCIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL COMO EQUIPO TÉCNICO PARA A XESTIÓN DO PROGRAMA ASOCIADO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E O CONSORCIO PARA O DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS PARA A XESTIÓN UNIVERSITARIA PARA A POSTA EN MARCHA EN 2021 DUN PROGRAMA INTEGRAL DE FORMACIÓN E MENTORING DESTINADO ÁS PERSOAS MOZAS INSCRITAS E BENEFICIARIAS DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO, PROGRAMA OPERATIVO DE EMPREGO XUVENIL

Sendo necesaria a contratación para a cobertura de postos temporais de persoal técnico de prospección e orientación laboral para conformar o equipo técnico de xestión do programa asociado ao convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e o CIXUG para a posta en marcha en 2021 dun programa integral de formación e mentoring destinado ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da comunidade autónoma de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e a Iniciativa de Emprego Xuvenil, nun 91,89%, con cargo ao Programa operativo de emprego xuvenil, para o período 2014-2020, no eixe prioritario 5, prioridade de investimento 8.2, obxectivo específico 8.2.1, medida 8.2.1.1, resólvese convocar un proceso de selección con suxeición ás seguintes:

BASES DA CONVOCATORIA

1.- REQUISITOS DAS PERSOAS CANDIDATAS

- a) Ser española ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ao que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe de españois e de nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevea o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras, sempre que non estean separados de dereito. Así como aquelas persoas que, non sendo españolas nin nacionais dun estado membro da Unión Europea, se encontren en España en situación de legalidade, sendo titulares dos documentos que as habiliten para residir e poder acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a, arquitecto/a, enxeñeiro/a ou grao; ou título universitario de enxeñeiro/a técnico/a, diplomado/a universitario/a, arquitecto/a técnico/a. No caso de que a persoa aspirante posúa unha titulación académica estranxeira, para poder participar no

proceso selectivo, terá que ter homologado previamente á presentación da súa solicitude o título de acordo co previsto na lexislación española.

- c) Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Non ter sido separada ou suspendida do servizo de calquera das administracións públicas en virtude de expediente disciplinario, nin estar inhabilitada por sentenza firme para o exercicio da función pública.

2.- PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse de xeito telemático a través do sitio web <https://xportal.cixug.gal/>. As persoas interesadas en participar neste proceso de selección deberán cumprimentar o formulario de solicitude dispoñible no devandito enderezo, e deberán acompañalo no mesmo momento da presentación de copia do documento de identidade da persoa solicitante, da copia do título universitario conforme ao descrito no punto dous da base 1, e unha relación dos méritos alegados, asinada electronicamente e estruturada conforme aos criterios de baremación descritos nestas bases, xunto coas evidencias documentais para a xustificación específica de cada un destes méritos, para a súa valoración en relación aos criterios de baremación incluídos nestas bases. Toda a documentación achegarase en formato PDF, e o seu contido debe ser completo, claro e lexible.

A non xustificación documental dos méritos impedirá a súa valoración, sen prexuízo de que o Tribunal poida solicitar tanta documentación complementaria estime oportuna para a correcta valoración dos méritos aportados.

Non obstante o anterior e aínda que deben alegarse igualmente do xeito indicado, non aplicará esta necesidade de xustificación documental para aqueles méritos alegados que se refiran ao propio CIXUG, por dispoñer xa desta información a propia entidade.

Co fin de garantir a participación en condicións de igualdade, aquelas persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% indicarán na súa solicitude as necesidades de adaptacións específicas e o seu motivo. Esta circunstancia deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalía.

Ao solicitar a participación no proceso de selección, a persoa candidata acepta que os seus datos persoais e méritos alegados poderán ser cedidos a terceiros participantes no programa, co alcance imprescindible e o propósito único de permitir unha axeitada xestión do programa de mentoría e das súas actividades. Isto inclúe, entre outras, a cesión dos datos requiridos ás universidades que integran o CIXUG, á Xunta de Galicia, aos organismos europeos financiadores do programa (Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil) e as persoas que desenvolvan os labores de titoría, mentoría, formación e coordinación e seguimento da xestión do programa.

O prazo de presentación de solicitudes será de 7 días naturais dende a publicación da presente convocatoria, polo que rematará ás 14:00 horas do día 19 de xullo de 2021.

As candidaturas recibidas despois desta data ou en calquera momento por medios diferentes do indicado, se terán por non recibidas.

No caso de que unha mesma persoa presente varias solicitudes, a última presentada invalidará completamente todas as anteriores, así como á documentación achegada con elas.

3.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

3.1.- Publicación de relación de persoas admitidas e excluídas

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Tribunal publicará a lista de persoas admitidas e excluídas na web específica do programa (<https://xportal.cixug.gal>).

3.2.- Emenda de defectos

Para emendar defectos que motivaran a exclusión ou omisión das devanditas listas, as persoas aspirantes disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da devandita resolución para achegalas a través do correo electrónico mentoring@cixug.gal (emitirase xustificante de recepción da información recibida).

4.- LISTA DEFINITIVA

Rematado o prazo para emendar defectos que motivaron a exclusión ou omisión das persoas aspirantes e tras a análise das presentadas, publicarase do xeito indicado no punto 3.1 a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas.

5.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, cando concorran neles as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

O Tribunal estará composto polos membros que se indican a continuación:

- Secretaría:
 - D. Javier Cobas Bestilleiro (CIXUG)
- Presidencia:
 - D. Manuel Mosquera Viso (CIXUG)
- Vogais:
 - Dna. María Dolores Abilleira Pérez (CIXUG)
 - D. Xabier Sánchez Santos (CIXUG)
 - Universidade Da Coruña (UDC)
 - Titular: Dna. Janet Fernández López
 - Suplente: María Pilar Feal Rodríguez

- Universidade de Santiago de Compostela (USC)
 - Titular: D. José Manuel González Díaz
 - Suplente: Dna. María Nuria Rey Quintanas
- Universidade de Vigo
 - Titular: Dna. María Reyes Fernández González
 - Suplente: Dna. Maruxa Álvarez Jiménez (UVI)

6.- FUNCÍONS A DESENVOLVER

Os obxectivos do referido convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e mailo CIXUG son os de:

- Facilitar ás persoas novas tituladas un programa integral, da man de persoas expertas, empresarios/ as e profesionais con experiencia, co obxectivo de mellorar a súa empregabilidade, así como apoiar e optimizar a súa procura de emprego, cun obxectivo de inserción laboral do 50% das persoas participantes.
- Aumentar a empregabilidade das persoas mozas participantes, dotándoas de competencias e habilidades actualmente imprescindibles para a súa inserción no mercado laboral: fluidez tecnolóxica, intelixencia social, espírito de innovación, creatividade, habilidades comunicativas...
- Demostrar ás empresas con sede na comunidade autónoma as capacidades e talento das persoas novas, así como integrar a participación no programa de mentoring como unha boa práctica no ámbito da responsabilidade social empresarial.
- Poñer en marcha unha plataforma dixital de referencia para as persoas novas galegas con titulación universitaria ou de formación profesional interesadas en atopar un traballo por conta allea ou por conta propia adaptado á súa formación regrada.
- Consolidar un ecosistema de colaboración entre os ámbitos educativo (universidades, centros de formación profesional), da administración pública (Xunta de Galicia) e empresarial que, baixo unha idea de traballo en rede, fomenten a xeración de emprego cualificado na comunidade autónoma de Galicia.
- Abordar o dito impulso dentro do Sistema Universitario de Galicia de xeito coordinado e integrado, facilitando o acceso ao conxunto de contidos e recursos baixo principios colaborativos entre a Xunta de Galicia, o CIXUG e as universidades que o integran.

Para a consecución dos ditos obxectivos, o persoal técnico a contratar desenvolverá, entre outras, as seguintes actividades principais:

- Mantemento de contidos do espazo web propio do programa.
- Realización de actividades de difusión e información do programa.

- Captación e contacto coas persoas e entidades mentoras.
- Seguimento individualizado das persoas mozas participantes.
- Organización de actividades de formación, visitas a empresas e networking.
- Elaboración de informes e memorias sobre o programa.
- Coordinación e seguimento das actividades.
- Calquera outra necesaria para a consecución dos obxectivos do programa.

7.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

7.1.- Primeira fase: Valoración de méritos

a) Valoración

Esta fase será cualificada de 0 a 10 puntos detallados como se especifica a continuación:

Requisitos de titulación	
Máximo do criterio: 2,0 puntos	Puntuación
Titulacións preferentes: <ul style="list-style-type: none"> • Pedagogía • Psicoloxía • Psicopedagogía • Socioloxía • Educación Social • Traballo Social • Relacións Laborais 	2,0 puntos 2,0 puntos 2,0 puntos 2,0 puntos 2,0 puntos 1,5 puntos 1,5 puntos
Outras titulacións	0,5 puntos
Formación específica en materia de orientación laboral	
Máximo do criterio: 3,0 puntos	Puntuación
Másteres, posgraos en materia de orientación laboral	2,0 puntos
Outros cursos en materia de orientación laboral acreditados e impartidos por centros e organismos oficiais, incluídas as materias cursadas para a obtención de títulos oficiais superiores ou distintos ao esixido pola convocatoria; neste caso, deberá achegarse o programa académico e indicar a duración das materias que o compoñen. Non puntúan os cursos inferiores a 60 horas	0,1 puntos por cada 25 horas
Experiencia profesional	
Máximo do criterio: 3,5 puntos	Puntuación
<i>A experiencia profesional deberá acreditarse exclusivamente a través do contrato de traballo en que conste o desempeño dunha ocupación igual ou equivalente á requirida, das recollidas na CNO. No caso de traballadores autónomos, acreditarase coa alta en IAE (e actualización)</i>	

<p>e coas facturas en que consten os servizos prestados. Xuntarse informe de vida laboral en ambos os casos.</p> <p>Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, acreditarase coa certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización e, de ser o caso, copia das condicións da convocatoria.</p>	
<p>Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: técnico/a de orientación ou prospección de emprego, orientación laboral/profesional, titorías laborais, inserción laboral, etc</p>	<p>0,3 puntos por cada mes</p>
<p>Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (axentes de emprego, etc.).</p> <p>Máximo 2 puntos nesta epígrafe</p>	<p>0,2 puntos por cada mes</p>
<p>Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados</p>	
<p>Máximo do criterio: 0,5 puntos</p>	<p>Puntuación</p>
<p><i>Os coñecementos débense acreditar mediante a achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas.</i></p>	
<p>Cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas ofimáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogues, wikis...)</p> <p>Non puntúan os cursos inferiores a 15 horas</p>	<p>0,10 puntos por cada 15 horas</p>
<p>Outros méritos</p>	
<p>Máximo do criterio: 0,5 puntos</p>	<p>Puntuación</p>
<p>Certificación Celga 4 ou equivalente debidamente homologado.</p>	<p>0,5</p>
<p>Discapacidade</p>	
<p>Máximo do criterio: 0,5 puntos</p>	<p>Puntuación</p>
<p>Por ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% e a compatibilidade entre a discapacidade e o desenvolvemento das tarefas e funcións do posto mediante o correspondente certificado do órgano competente.</p>	<p>0,5</p>

b) Mínimo esixido

Para pasar á segunda fase deberá obterse un mínimo de 7 puntos.

c) Ponderación

A valoración de méritos terá un peso do 50% na determinación da puntuación final do proceso selectivo.

d) Publicación e datos de interese

Rematada a valoración de méritos, o tribunal fará pública a puntuación obtida así como o lugar, data e hora de realización da entrevista a aquelas persoas candidatas que alcancen o mínimo esixido na primeira fase.

Excepcionalmente, se o número de prazas a cubrir resultase maior que o número de persoas que superen a puntuación mínima establecida para a primeira fase, o tribunal de selección poderá admitir, mediante acordo expreso, a persoas por debaixo desta puntuación.

e) Presentación de reclamacións

As persoas aspirantes disporán de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da puntuación obtida nesta fase, para presentar reclamacións perante o Tribunal que resolverá nun prazo máximo de 5 días naturais logo de pechar o prazo de reclamacións.

As alegacións enviaranse a través do correo electrónico mentoring@cixug.gal, e emitirase resposta como xustificante da recepción das mesmas.

7.2.- Segunda fase: Entrevista

a) Valoración

Esta fase será cualificada de 0 a 10 puntos. Terá como finalidade acreditar as competencias e habilidades das persoas candidatas ao posto seleccionado.

b) Mínimo esixido

Para superar a entrevista deberá obterse un mínimo de 5 puntos.

Excepcionalmente, se o número de prazas a cubrir resultase maior que o número de persoas que superen a puntuación mínima establecida para a segunda fase, o tribunal de selección poderá admitir, mediante acordo expreso, a persoas por debaixo desta puntuación.

c) Ponderación

A entrevista terá un peso do 50% na determinación da puntuación final do proceso selectivo.

d) Publicación e datos de interese

Rematada a fase de entrevista, o tribunal fará pública a puntuación obtida na entrevista e o total no proceso selectivo.

e) Presentación de reclamacións

As persoas aspirantes disporán de 2 días hábiles, contados a partir do seguinte da publicación para presentar reclamacións perante o Tribunal que resolverá nun prazo máximo de 5 días naturais logo de pechar o prazo de reclamacións.

As alegacións enviaranse a través do correo electrónico mentoring@cixug.gal, e emitírase resposta como xustificante da recepción das mesmas.

8.- PUBLICACIÓN DA PROPOSTA

Rematado o proceso selectivo, o presidente do tribunal elevará ao Consello de Goberno do CIXUG a proposta de contratación das persoas aspirantes con maior puntuación.

O período de duración do contrato será dende o momento da formalización do mesmo e ata o 30 de novembro de 2021, cunha retribución máxima proporcional a un importe bruto anual de 29.400 €. A xornada de traballo será de luns a venres en horario a establecer.

Os postos de traballo estarán situados fisicamente nos campus de A Coruña, Santiago e Vigo, aínda que o desenvolvemento das actividades previstas pode requirir mobilidade entre todos os diferentes campus das universidades do SUG. As persoas con maior puntuación no proceso de selección terán prioridade para seleccionar destino, o que deberán indicar no momento de formalizar a contratación entre as prazas dispoñibles nese momento. O CIXUG unicamente atenderá aos desprazamentos que se precisen por mor das actividades de coordinación que se determinen, dende esa localización.

No caso de que a persoa seleccionada desexa renunciar á praza con carácter previo á contratación, deberá expresar esta renuncia por escrito dirixido á Xerencia do CIXUG.

O desenvolvemento do posto será incompatible co exercicio de calquera actividade pública ou privada no mesmo horario, agás expresa autorización da Xerencia do CIXUG.

9.- LISTAS DE AGARDA

Coas persoas candidatas que superen as dúas fases do proceso selectivo e non houberan obtido praza, farase unha lista de agarda, para a que se terá en conta a puntuación obtida en ámbalas dúas fases do proceso a efectos da súa ordenación.

En caso de renuncia ou rexeitamento do contrato por algunha das persoas seleccionadas, e sempre que o período restante de vixencia do convenio o permita, farase uso da lista de agarda, tendo preferencia no chamamento as persoas candidatas que obtiveron maior puntuación. No caso de que algunha persoa candidata renuncie, decaerá da lista. Esta renuncia deberá expresala por escrito dirixido á Xerencia do CIXUG.

Producida a finalización do contrato, a persoa candidata incorpórase a lista de agarda segundo a orde de prelación establecida.

A lista de agarda terá vixencia ata a convocatoria dun novo proceso selectivo para o mesmo posto, ou para postos diferentes pero que requiran o desempeño das mesmas funcións.

Esta lista de agarda tamén poderá ser utilizada polas universidades que integran o CIXUG para realizar contratacións temporais de persoal técnico no marco do

desenvolvemento do presente programa de mentoría, coas mesmas funcións e características das expostas nestas bases.

10.- DESTRUCCIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Toda a documentación presentada para este proceso de selección polas persoas aspirantes non seleccionadas nin incluídas na lista de agarda, necesariamente a través de medios electrónicos, será destruída polo CIXUG unha vez finalizado o proceso de alegacións.

11.- DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Corresponde ao Tribunal a interpretación das presentes bases, en particular a aplicación pormenorizada do baremo establecido, así como a valoración dos medios de acreditación dos méritos.

A solicitude de concorrer ao proceso suporá a aceptación incondicionada destas bases.

Asinado

Vigo, 9 de xullo de 2021

D. Manuel Mosquera Viso

Xerente

Consortio CIXUG